



Concello de Meaño

D^a M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, secretaria-interventora do Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 9 de outubro de 2023, e segundo resulta do borrador da acta desta sesión e coa salvedade que establece o artigo 206 do R.D. 2568/1896, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“24º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA AO CEIP COIRÓN DENA PARA A REALIZACIÓN DA EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO. (EXP. 494/2023).-

Vista a documentación xustificativa presentada polo C.E.I.P. Coirón-Dena, correspondente á axuda concedida, para a realización da viaxe de fin de curso organizada polo centro para as/os alumnas/os de 6º curso á estación de montaña de Manzaneda os días 12, 13 e 14 de xuño, pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2023, por importe de 20,00 € por alumno participante.

Considerando que segundo se recolle no certificado aportado polo CEIP Coirón - Dena á excursión asistiron 17 alumnos/as, acadando un custo total de 1.530,00 €, disgregados nos gastos e aportacións que se relacionan a continuación:

1. Custo da saída: 1.530,00 €
2. Custo de transporte asumido polo centro: 880,00 €
3. Achega da ANPA a 6 alumnos/as socios/as socios: 10,00 € neno/nena

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º.- Darlle o visto e praxe á documentación xustificativa presentada.

2º.- Recoñecer a obriga que deste acordo se deriva por importe de 340,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 326.480.02.

3º.- Que se proceda á ordenación do pago.”

E para que así conste e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino o presente, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, en Meaño.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

